

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A AXENCIA GALEGA DAS INDUSTRIAS CULTURAIS E A FEDERACIÓN DE CINECLUBES DE GALICIA PARA A COLABORACIÓN NA PROGRAMACIÓN CINEMATOGRAFICA DOS CINECLUBS GALEGOS

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O *director da Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* **DECLARA:**

Que a *Axencia Galega de Industrias Culturais (Agadic)* pretende formalizar coa **Federación de Cineclubes de Galicia** o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende **a sinatura do convenio ata o 20 de novembro de 2020**.

Que o instrumento convencional ten por obxecto:

Apoiar a programación cinematográfica en Galicia durante o ano 2020 mediante un programa de exhibición de filmes entre os cineclubs que integran a Federación de Cineclubes de Galicia artellado a través de ciclos e semanas de cine, manténdose así unha programación estable e de calidade nos cineclubs galegos e impulsando o seu labor de difusión e de creación de públicos.

Organizados pola Federación arredor dunha temática ou estilo determinados, a carteleira de cada un dos ciclos previstos para 2020 é seleccionada polos centros participantes a partir do catálogo proposto, mentres que no caso das semanas de cine a organización corre a cargo dos propios cineclubs que, xunto coas proxeccións dos filmes, desenvolven diferentes actividades paralelas.

Que o instrumento convencional fundaméntase no seguinte:

A Agadic, atendendo aos seus fins de fomento da demanda de produtos culturais e impulso na difusión do patrimonio cultural galego, considera esencial o establecemento de accións conxuntas coa Federación de Cineclubes de Galicia que permitan a súa participación no desenvolvemento deste proxecto co fin de contribuír a este labor de difusión do cine e de promoción e potenciación, a vez, do sector cinematográfico galego.

A Agadic considera fundamental o apoio, a través da colaboración mutua, a este tipo de iniciativas que se desenvolven como alternativa aos circuitos de exhibición comercial. O seu empeño en acercar ao público propostas cinematográficas de claro contido cultural son iniciativas que a Agadic considera de suma importancia e que cómpre valorar e apoiar.

Que os intereses converxentes das partes asinantes exclúen o ánimo de lucro, e non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei



9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se transpoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febrero de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asínase esta memoria en Santiago de Compostela.

